

ANEXO 2

NOTA: As actrices seleccionadas para probar a personaxe de Salomé deberán realizar unha improvisación coreográfica sobre a Danza dos Sete Velos, para a cal se facilita un arquivo mp3 cunha breve composición (ANEXO3). O emprego desta música non é obrigatorio permitíndose a cada actriz escoller un tema musical, en calquera caso non superior a cinco minutos.

IOKANAAN/SALOMÉ

IOKANAAN

Quen é esa muller que me mira? Non quero que mire para min. Por que me mira cos seus ollos de ouro atrás desas pálpebras douradas? Non sei quen é. Nin quero sabelo. Dícidelle que se vaia. Non é ela con quen eu quero falar.

SALOMÉ

Son Salomé, filla de Herodías, Princesa de Xudea.

IOKANAAN

Atrás! Filla de Babilonia! Non te achegues ao elixido do Señor! A túa nai anegou a terra co viño das súas iniquidades, e o escándalo dos seus pecados chegou a oídos de Deus.

SALOMÉ

Fálame, Iokanaan. A túa voz apámpame.

SALOMÉ

Fálame! Non deixes de me falar, Iokanaan, e dime o que teño que facer.

IOKANAAN

Non te me achegues, filla de Sodoma! Cubre o teu rostro cunha touca, enche o teu cabelo de borralla e vai ao deserto a buscar polo fillo do Home.

SALOMÉ

Quen é o fillo do Home? É tan fermoso coma ti, Iokanaan?

IOKANAAN

Atrás! Atrás! Sinto no palacio o revoar do anxo da morte... Anxo de Deus noso Señor, que fas aquí coa túa espada? Que buscas neste inmundo palacio? O día daquel que ha de morrer vestido de prata aínda non chegou.

SALOMÉ

Iokanaan.

IOKANAAN

Quen fala?

SALOMÉ

Iokanaan! Namórame o teu corpo. O teu corpo é branco como o lirio dun prado que nunca viu gadaña. O teu corpo é branco como a neve que se deita nas montañas de Xudea e escorre despois polos vales. As rosas do xardín da raíña de Arabia non son así tan brancas como o teu corpo. Nin as rosas do xardín da raíña de Arabia, nin os pés da aurora cando pousan nas follas, nin o albo peito da lúa cando se deita no mar. Non hai nada no mundo tan branco como o teu corpo. Déixame tocar o teu corpo!

IOKANAAN

Atrás, filla de Babilonia! Foi pola muller que o mal entrou no mundo. Non me fales máis. Non quero escoitarte. Eu só escoito as palabras de Deus noso Señor.

SALOMÉ

O teu corpo é noxento. É un corpo comesto da lepra. É como un muro fresco onde as víboras deixaron o seu

rastro, un muro fresco que ten dentro niños de alacráns, un sepulcro encalado que por dentro está cheo de cousas repugnantes. É horrible, é horrible o teu corpo! É o teu cabelo o que me namora, Iokanaan. Os teus cabelos parecen acios de uvas, son como os acios de uvas negras que medran nas viñas de Edom, o país dos edomitas. Os teus cabelos son como cedros do Líbano, como grandes cedros do Líbano que lles dan sombra aos leóns e acougo aos bandidos. Nin as longas noites escuras, as noites de lúa ausente e de estrelas medo-rentas son tan negras. Nin é tan negro o silencio que a fraga acubilla. Non hai nada no mundo tan negro como o teu cabelo. Déixame tocar o teu cabelo.

IOKANAAN

Atrás, filla de Sodoma! Non me toques. Non profanes o templo de Deus noso Señor.

SALOMÉ

O teu cabelo é horrible. Está cheo de lama e de lixo. É como unha coroa de espiñas que levas chantada na testa. Como un niño de serpes negras que se revirichan arredor do teu pescozo. Non é o teu cabelo o que eu amo... é a túa boca o que me namora, Iokanaan. A túa boca é como unha fita escarlata no alto dunha torre de marfil. Como unha milgranda fendida cunha faca de marfil. As flores da milgrandeira que florecen nos xardíns de Tiro e son máis vermellas que as rosas, non son aínda tan vermellas. Nin o bruar vermello das trompetas que anuncian a chegada dos reis enchendo de pavor ao inimigo son tan vermellas. A túa boca é máis vermella que os pés dos que pisan o viño nas prensas. Máis vermella que as patas das pombas que aniñan nos templos e comen na man dos sacerdotes. Aínda máis vermella que os pés daquel que volve da fraga des-pois de ter matado un león e ver tigres dourados. A túa boca é unha rama de coral, reservada para os reis, que os mariñeiros acharon no crepúsculo do mar. É como o vermellón que os moabitas buscan nas minas de Moab, que os reis reclaman. É como o arco do rei dos persas, pintado de vermellón e con cornos de coral. Non hai no mundo nada tan vermello como a túa boca... Déixame bicar a túa boca.

IOKANAAN

Xamais! Filla de Babilonia! Filla de Sodoma! Xamais!